



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral **dun tractorista** do programa do fomento de emprego no medio rural Aprox Rural 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para a realización de **“Traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos 2024”**

Resultando que o día 10 de maio do presente mes publicouse na páxina web do concello a resolución do alcalde (Cod. Validación: 6CFZP7FSWJ3FKRRW2X36KACHP) coa listaxe de admitidos e excluídos para a praza de tractorista do programa de fomento de emprego no medio rural Aprox Rural 2024 na que se lle requiriu ao único candidato presentado que achegase a documentación para a formalización do contrato prevista na base oitava das que rexen o proceso selectivo.

Resultando, segundo consta acreditado no informe de data 13 de maio de 2024 emitido pola encargada no rexistro, no que se indica que durante o prazo conferido (ata as 14 horas do 13.05.2024) D. José Antonio Méndez Carracedo non achegou ningunha solicitude, escrito nin documentación.

Resultando que a citada base oitava das que rexen o proceso selectivo establece que *“No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións”*

Considerando que D. José Antonio Méndez Carracedo era o único candidato presentado ao citado posto de traballo, esta Alcaldía, en exercizo das facultades que legalmente lle corresponden, **RESOLVE:**

Primeiro.- Declarar deserto o proceso selectivo convocado para a contratación laboral temporal para o programa do fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no tocante á contratación dun tractorista durante nove meses en xornada a tempo completo para a realización de **“Traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos 2024”**.

Segundo.- Publicar o presente acordo na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios do concello para coñecemento e efectos.





Concello de Oza-Cesuras

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

